

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

DISPÓN:

Primeiro.-Suprimir o ciclo formativo de grao superior de Animación sociocultural e autorizar un novo ciclo formativo de grao superior de Educación infantil, quedando a composición resultante segundo se especifica no anexo.

Segundo.-Antes da posta en funcionamento das ensinanzas que se autorizan, a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, despois do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que impartirá docencia no devandito centro, así como o equipamento adecuado.

Terceiro.-Queda o centro obrigado ao cumprimento da lexislación vixente e a solicitar a oportuna revisión cando teña que modificarse calquera dos datos que sinala esta orde.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Provincia: A Coruña.

Localidade: A Coruña.

Concello: A Coruña.

Enderezo: r/ Ramón M^a Aller nº 12 entresollado.

Código do centro: 15032169.

Denominación: centro privado Tomás Barros.

Titular: Araceli Barros Cao.

Composición resultante:

-Quenda de mañá:

2 ciclos formativos de grao superior de Educación infantil (4 unidades para 20 alumnos/unidade).

1 ciclo formativo de grao superior de Integración social (1 unidade para 20 alumnos).

-Quenda de tarde-noite:

1 ciclo formativo de grao medio de Atención sociosanitaria (2 unidades para 20 alumnos/unidade).

1 ciclo formativo de grao superior de Interpretación de lingua de signos (2 unidades para 20 alumnos/unidade).

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA**

Orde do 13 de outubro de 2008 pola que se modifica a do 18 de marzo pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a empresas turísticas para o fomento do turismo no medio rural, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008 (IN983E).

A Orde do 18 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a empresas turísticas para o fomento do turismo no medio rural, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008 (DOG nº 67, do 8 de abril) establece no artigo 17.1º do seu anexo I a data límite para a presentación de xustificación do investimento executado por parte dos beneficiarios das subvencións concedidas.

Non obstante, visto que o prazo concedido para a devandita xustificación é insuficiente para a realización desta, é necesario modificar o artigo anterior no sentido de ampliar o prazo citado.

Polo exposto, e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

O artigo 17 do anexo I, no primeiro parágrafo do punto 1, queda redactado como segue:

«1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación por triplicado exemplar, nos lugares sinalados no artigo 3º da convocatoria, terá de prazo para presentala ata o 30 de novembro de 2008».

Artigo 2º

A ampliación do prazo establecido no artigo anterior non afectará os demais prazos previstos na orde.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

Orde do 13 de outubro de 2008 pola que se modifica a do 18 de marzo pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a empresas privadas para a creación e mellora de establecementos turísticos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008 (IN983G).

A Orde do 18 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de